

DUATLON POR EQUIPOS DE NARÓN

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE DÚATLON CONTRA O RELOXO DE EQUIPOS ESCOLAR 2024

PROBA ABSOLUTA DE PROMOCIÓN ABERTA (Equipos Mixtos M/F e diferentes clubs+ Licenzas de 1 día)

REGULAMENTO

1. ORGANIZA:

- Federación Galega de Tríatlon
- AD Náutico de Narón
- Email: fegatri@hotmail.com
- Teléfono:982251345

2. COLABORAN:

- Secretaría Xeral para o Deporte
- Concello de Narón
- Protección Civil Narón

3. DATA E HORARIO DA CARREIRA:

- Domingo, 22 de decembro de 2024
- Saída primeiro equipo escolar ás 10:00
- Saída primeiro equipo promoción Absoluto ás 12:00
- Entrega de premios estimada ao remate de cada competición (publicarase coa reunión técnica)

Unha vez pechada a inscrición serán publicadas as horas de saída de cada equipo

4. DISTANCIA:

- Escolar (In/cd/xuv): Super Sprint- 2 km de carreira a pé - 4,8 Km ciclismo.- 1 Km de carreira a pé.
- Popular Absoluto : 5 Km de carreira a pé –19,2 km en bicicleta –2,5 km de carreira a pé.

5. INSCRICIÓN:

- Limitado a 50 Equipos en cada unha das probas escolar e absoluta garantindo na escolar un equipo masculino e outro feminino por club.
- Prezo: 40 € por equipo en categoría absoluta.

a) **INSCRICIÓN DOS EQUIPOS : Ata o martes 10 de decembro ás 23:59 h.**

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Competicións /Inscricións](#). Accedendo á proba de referencia

A1) PROBA ABSOLUTA PROMOCIÓN

Picar sobre a carreira e ir ao enlace de Inscrición de equipos. Elixir a tarifa correspondente.

-Equipos de clubs federados (só deportistas do mesmo club federado- designaranse co nome do club e A,B, C, D,...)

- Equipos de clubs non federados Masculino, Feminino (indicarase un nome do equipo que deberá consignarse posteriormente na inscrición de compoñentes do mesmo). Os compoñentes dos equipos poderán ser dun único xénero, non tendo que estar federados ou pertencer a un único club).

-Equipos Mixtos , onde se misturen deportistas masculinos e femininas (art.7.5 Regulamento de competiicións).-

(indicarase un nome do equipo que deberá consignarse posteriormente na inscrición de compoñentes do mesmo). Os compoñentes dos equipos poderán ser masculinos e femininos, non tendo que estar federados ou pertencer a un único club). *Estarán compostos por un máximo de 6 e un mínimo de 4 deportistas de calquera xénero. Debendo contar ao menos 2 mulleres . - Os/as compoñentes poderán pertencer ao mesmo ou a diferentes clubs - A puntuación do equipo, nesta clasificación mixta, virá dada polo cuarto/a compoñente. Sendo obrigatorio para non ser eliminado que en todo momento entre os 4 compoñentes do equipo permanezan 2 deportistas femininas e 2 deportistas masculinos.*

A2) CAMPIONATO GALEGO E OPEN ESCOLAR

Só clubs con licenza galega.

Picar sobre a carreira e ir ao enlace de Inscrición de equipos. Elixir a tarifa correspondente.

Garántese 1 equipo masculino e un feminino que disputarán o campionato galego. Deberán inscribir o equipo na **tarifa de campionato galego** masculino ou feminino.

Open- ata completar prazas.- Cada club poderá inscribir tantos equipos como desexa que estarán en lista de agarda ata que remate o prazo de inscrición. Unha vez rematado o prazo se houberse vacantes, poderán entrar nunha saída open, sen opción de campionato galego. A federación irá comunicando aos clubs os equipos que accedan, por rigorosa orde de inscrición ata completar 50 equipos totais open e campionato galego. As listaxes son públicas na ligazón da inscrición

b) INSCRICIÓN DOS COMPOÑENTES DOS EQUIPOS: Ata o martes 17 de decembro ás 23:59 h.

Os equipos poderán conformarse segundo o establecido no punto A1 deste regulamento. Deben ter un mínimo de 4 e un máximo de 6 integrantes e poden ter 2 reservas. Durante este prazo poderán darse altas e baixas directamente na plataforma por parte dos clubs.

B1) CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR E OPEN

Os equipos poderán estar conformados só por deportistas do mesmo club e xénero das categorías Infantil, cadete e xuvenil pertencentes a clubs con licenza galega de triatlón.

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Competicións /Inscricións](#). Picar sobre a carreira e ir ao enlace de Inscrición compoñentes dos equipos. Poderán inscribirse 6 titulares e dous reservas.

B2) PROBA POPULAR ABERTA

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Competicións /Inscricións](#). Picar sobre a carreira e ir ao enlace de Inscrición compoñentes dos equipos. introducirán os datos necesarios e o nome do equipo na casíña correspondente. (Exemplo EQUIPO A, B,... no caso dos equipos íntegros de clubs con federados con licenza nacional ou "EQUIPO NOME XXXX" no caso dos equipos de Promoción) na casíña correspondente.

Cada equipo poderá inscribir un mínimo de 4 deportista e un máximo de 6 deportistas máis 2 reservas aos efectos de realización de cambios ata o prazo establecido.

Deportistas/clubs con licenza federativa en vigor.-

Clubs.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

Individual.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Deportistas con licenza federada de Ciclismo en Galicia.- Licenza Temporal de 1 día: Unha vez no apartado COMPETICIÓNNS picarase en [Competicións/inscricións](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos na tarifa correspondente.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria. (Custe licenza de 1 día de 2,20 € que serán aboados con TPV) **(para que a inscrición sexa válida, imprescindible enviar a copia do DNI en vigor á Federación a través da plataforma de inscricións**

Licenzas temporais de 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓN picarase [Competicións/inscricións](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos na tarifa correspondente

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria. (Custe licenza de 1 día de 12€ que serán aboados con tarxeta bancaria a través do TPV) , (para que a inscrición sexa válida, imprescindible enviar a copia do DNI en vigor á Federación (fegatri@hotmail.com))

Cambios en compoñentes dos equipos pechado o prazo de inscrición:

Ata o xoves 19 de decembro ás 14:00 h.

Para efectuar cambios nos compoñentes dos equipos enviarase un mail a fegatri@hotmail.com . Estes cambios faranse só entre deportistas coa inscrición realizada en prazo. Non poderán engadirse novas inscricións.-

A partir do fin do prazo non se admitirá ningún cambio nos compoñentes dos equipos.

Baixas e política de Devolución.

-As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

-As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

-No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de Listaxes de inscrición:

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

6. CRONOMETRAXE ELECTRÓNICA:

Galitiming

7. SERVIZOS E RECOLLIDA DE DORSAIS:

Categoría escolar: 9:00 a 9:45 h.

Categoría absoluta: 10:00 h a 11:45h.

8. SAÍDA, TRANSICIÓN E META:

A área de transición, saída e meta estará situada no Polígono Río do Pozo – NARON
Localización: 43° 32' 11.93" N – 8° 12' 12.62" O

9. CONTROL DE MATERIAL:

- *OBRIGATORIO PRESENTAR LICENZA, DNI ou DOCUMENTO OFICIAL CON FOTO*

Será obrigatorio que todos os membros do equipo se presenten xuntos ao control (recoméndase pasar o control de material 45' antes da saída do equipo).

O control de material realizarase ata 15 minutos antes da saída de cada proba.

A retirada de material será controlada polos oficiais e poderase deter en calquera momento se as condicións así o esixen

10. REUNIÓN TÉCNICA:

Publicarase online o xoves previo á proba cos horarios da saídas, calquera cambio e resto de detalles que rexerán a proba.

11. PREMIOS:

- Trofeos para os tres primeiros equipos masculinos e femininos do Cpto Galego Escolar
- Trofeos para os tres primeiros equipos da proba open escolar Masculina e Feminina
- Trofeos para os tres primeiros equipos da proba Absoluta Masculina e Feminina
- Trofeos para os tres primeiros equipos Mixtos da proba absoluta .
-
- *"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"*
- Trofeos para os tres primeiros equipos masculinos e femininos da proba Campionato Galego Escolar

12. NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN

A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.

12.a) Normativa específica de competición por equipos

Xeral:

- Todos os integrantes do equipo deben levar o mesmo uniforme
- Os integrantes dun equipo poderán axudarse entre si, pero sen axuda de elementos externos á competición
- Cando un integrante dun equipo se descolgue máis de 30'' no ciclismo ou carreira a pé deberá abandonar a competición.
- O tempo do equipo marcarao a entrada en meta do 4º integrante.

Saída:

- Os horarios de saída serán establecidos e publicados o xoves previo á proba na información Técnica.
- Os equipos deben estar en cámara de chamadas 5' antes da súa hora de saída e tomar a saída todos os integrantes de maneira conxunta na hora indicada que será publicada na páxina da federación.
- No caso de non tomar a saída na hora indicada, sairán cando o oficial de saída lles permita, nunca a menos de 30'' de diferenza co anterior equipo e contando coma hora de saída a prevista inicialmente.

Transición:

- Os equipos non poderán abandonar a transición ata saír un mínimo de 4 integrantes, haberá unha área de espera situada ao final da transición onde deberán esperarse ata ter o mínimo de 4. Unha vez saian os 4 integrantes o 5º e 6º terán 30'' para abandonar a transición, non permitíndoselles continuar na competición unha vez transcorrido ese tempo.

Ciclismo:

- A competición de equipos considerase "NON drafting", non está permitido ir a roda entre equipos, polo que o equipamento permitido será o de competicións nas que non está permitido ir a roda.
- Está permitido ir a roda entre os integrantes do mesmo equipo, que non deben separarse máis de 30 segundos en ningún caso ou serán eliminados.
- A circulación será obrigatoria pola dereita e os adiantamentos efectuaranse pola esquerda respectando un espazo lateral entre equipos de 2m.
- Cando un equipo alcance a outro terá 20 segundos para adiantalo, se non deberá descolgarse novamente ata respectar unha distancia de 25m entre equipos.
- Cando un equipo sexa adiantado terá 5 segundos para descolgarse ata a distancia de 25m.